



XUÑO

2010

SECURITAS

B
O
L
E
T
I
N

I
N
F
O
R
M
A
T
I
V
O

VIXIANTE
DE
SEGURIDADE

BOLETIN Nº004

BOLETIN Nº004

SECURIDADE

Confederación Intersindical Galega

II EPOCA

Aquí tendes o boletín da CIG, que como xa é de todos/as coñecido, é unha ferramenta pola cal vos informamos de todas as novas que se producen no sector a nivel xeral, e máis particularmente das novidades que afectan a nosa empresa, con especial atención as que emanan da nosa delegación.

REUNIÓN DO COMITÉ

O pasado día 3 de xuño do 2010, tivo lugar na empresa a xuntanza do comité de empresa na que estiveron presentes o xerente D. Antonio López, nunha primeira quenda, xa que na metade se tivo que ausentar debido a motivos laborais, e os xefes de servizos D. Xavier Domínguez e D. Eloi González. A xuntanza variou a orde dos puntos tratados, para poder tratar a maioría dos temas coa presenza do xerente.

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Os membros presentes, proceden a asinar e aprobar a acta da reunión do pasado mes de xaneiro de 2010.

DOCUMENTACIÓN DO COMITÉ

Solicítaselle á empresa a entrega da documentación que quedara pendente na anterior xuntanza. Esta documentación segue pendente.

PLAN DE IGUALDADE

Solicítase a elaboración dun Plan de Igualdade e propónse a creación dunha comisión que se encargue deste asunto.

COMISIÓN DE CADRANTES

A empresa segue a dar largas neste tema, coa escusa de que non ten resposta por parte do responsable en Madrid, e non querendo mollarse en algo que nos beneficiaría a todos. Dende a parte social comprometémonos a facer unha nova redacción que poida pasar o filtro da capital. Parece que non nos entende ou non nos queren entender, aínda que o poñamos en castelán. Eche o que hai...

CHALÉ DE CANIDO

Pregúntaselle á empresa cómo vai ser a operativa deste servizo no que abrangue á súa dotación. A empresa resposta, que se vai dotar dun CCTV e un armeiro, aínda que de primeiras non atopaban onde ubicalo debido ós problemas de espazo que presenta a caseta onde os/as compañeiros/as desenvolven o seu servizo ó final deron cunha solución. Tamén dixeron que ían buscar a maneira de instalar un taboleiro plegable que faría ás veces de mesa e que non lles ocupara moito sitio.

SERVIZO DE ROLDAS

Da parte dos sindicatos entrégase á empresa unha proposta de acordo que mellora o que xa tiñan para este servizo, quedando a empresa de estudala en darnos unha resposta en breve.

Faise saber á empresa que esta a haber queixas no que abrangue ó mantemento dos coches, alongándose no tempo a resposta e reparacións ás incidencias neste senso. A empresa di que eles o xestionan no mesmo día que teñen coñecemento das taras, pero como están a agardar a chegada dunha nova flotiña de vehículos, a aseguradora está a ralentizar os procedementos.

No asunto dos vestiarios dos/as vixiantes de roldas, preséntase a queixa de que están a ser usados como almacén, estando cada vez máis cheos de caixas deixando sen espazo ós/ás traballadores/as.

O coche asignado ó servizo de Vilagarcía de Arousa está a dar moitos problemas eléctricos. A empresa di que no taller din que é culpa dos vixiantes por enchufar diversos aparellos no “mechero”. Os representantes sindicais manifestamos que iso non ten sentido e que en todo caso enchufen ou non enchufen o defecto é do coche.

No servizo do polígono de “O Campillo” en Pontevedra, as roldas estanse a facer nun coche de alugueiro, que non vai serigrafado cos emblemas da empresa, coa problemática que isto xera para o bo desenvolvemento do traballo. A empresa di que cando cheguen os novos coches, un irá asignado a este servizo.

A empresa queixase de que o coche que leva as chaves, está a quedar fora da garaxe nalgunhas ocasións, e que se volve pasar vai haber sancións. Dende comité díselles que antes de falar de sancións, primeiro hai que saber o motivo polo que ese vehículo quedou fora.

MANUAL DE FUNCIONAMENTO OPERATIVO (MFO)

Solicítase a actualización dos MFO coa inclusión dun apartado no que se informe ós/as traballadores/as do que di a Lei de Protección de Datos, no que atinxe os servizos onde se empregue un CCTV.

PREVENCIÓN DE RISCOS - MUTUA – RECOÑECIMENTOS MÉDICOS

Infórmase á empresa de que os/as traballadores/as que van á Mutua para facer extraccións están a ser citados ás 11 da mañá, e no caso de ser citados ás 8 da mañá, fáiselles agardar dúas horas para dicirlles que poden marchar, todo isto tendo que gardar o xaxún correspondente. Tamén se lle informa á empresa de que os recoñecementos non se están a facer en función dos postos de traballo.

No que atinxe ós problemas de saúde que un/ha traballador/a sufra mentres desenvolve o seu servizo, se lle lembra á empresa, que pola súa parte ten que facer unha investigación e un informe, xa se trate de A.T. ou I.T.

EXERCICIO DE TIRO

A empresa informa de que o exercicio de tiro pagarase na nómina do vindeiro mes. Se lle insiste novamente á empresa e se comprometen a mirar se toca o pagamento do Tirador Selecto de outubro do ano pasado en caso de que así sexa o aboaran.

Se lle lembra á empresa que algúns dos/as traballadores/as que non fixeran o exercicio de tiro o ano pasado, por falta de munición, seguen sen facelo, polo que instase a empresa a que realice o exercicio de tiro para este persoal.

Presentase a queixa de que non se pode chamar a un/ha vixiante o día anterior para que asista a un exercicio de tiro.

Solicítase unha listaxe dos traballadores/as que posúen licenza de armas, co fin de cotexar cantas destas licenzas están en poder de persoal feminino.

FORMACIÓN

Infórmase á empresa de que hai xente que aínda non cobrou a formación. Tamén se lle lembra que a formación non se pode utilizar para completar xornada, é que sempre se ten que aboar como Plus de Formación, a prezo

de hora extraordinaria, incluíndo ós/ás compañeiros/as que están a cómputo horario anual.

(A partires deste punto, a xuntanza segue sen a presenza do xerente)

SERVIZOS NOVOS E PERDIDOS

Novos:

- Ampliación en TRV.
- SuperCor (Sanxenxo).
- Servizo Itinerante de Telefónica.
- Polígono “O Campillo” (Pontevedra), servizo de noite, coas fins de semana a 24 horas.

Perdidos:

- Conservas Peña.
- Alfageme, pérdese unha quenda.
- Servizo do Porto, pérdese unha quenda.

HORAS EXTRAORDINARIAS

Faise a observación de que descenderon as horas extraordinarias, aínda que pode ser máis un efecto da crise económica, que a que se estea a facer unha boa xestión das mesmas dende a delegación, aínda así dado o descenso na realización das horas extras e o mantimento dos postos de traballo nos alegamos da situación.

Tamén se indica que os traballadores con contrato a tempo parcial non poden facer horas extraordinarias, e que en todo caso, o que hai que facer é modificarlles o contrato incrementándolles a porcentaxe de contratación. A empresa resposta que xa o está a facer.

CONTRATOS TEMPORALES

Se lle pregunta á empresa, sobre o rumor que existe de que se un/ha traballador/a traballa para Securitas cun contrato temporal, despois de finalizar o compromiso coa empresa, a mesma, evita volver contar con ese/a traballador/a durante un período mínimo dun ano. A empresa resposta que iso non é certo, e que sempre tentan contar coa xente que

coñecen e que saben que van responder adecuadamente no seu posto de traballo.

UNIFORMIDADE

No que respecta ás camisas de mala calidade, que transparentan, entrégaselle a empresa unha destas camisas, para que a envíen a Madrid, para demostrar que non estamos tolos/as.

Tamén se informa de que aínda hai servizos que non recibiron a uniformidade de inverno, malia habela solicitado antes do mes de setembro do ano pasado.

A pesares de que na maioría dos servizos xa temos o comunicado, no que se nos convida a partires do pasado 1 de xuño a por a uniformidade de verán, que saibades que a día da xuntanza do comité, esta roupa aínda non chegara e que a empresa informou que en breve recibirana para o seu reparto, agardamos que non aconteza como a uniformidade de inverno xa que se é así faremos as xestións oportunas coa autoridade competente.

ALFAGEME

A empresa vaise reunir cos administradores concursais, e logo informará de cómo queda finalmente este servizo.

CENTRO COMERCIA GRAN VÍA

As baixas que se xeran neste servizo estanse a cubrir con persoal de nova contratación, e dende o comité se considera que estas baixas deben ser cubertas preferentemente polo persoal de reforzo, pasando a facer os reforzos o persoal novo.

ETEA

Sendo preguntada pola existencia ou non de xefe de equipo neste servizo, a empresa informa que NON hai xefe de equipo.

No que respecta ás competencias no servizo no patio de armas, a empresa di que o que hai fora do valado é competencia dos/as vixiantes que desenvolven este servizo, aínda que non deben saír ó outro lado do mesmo, limitándose a avisar das incidencias que detecten á policía.

VERBUM

Entrégase á empresa un escrito onde se detallan anomalías que presenta o sistema de seguridade da Casa das Palabras, para que se mellore este.

O.P. CAIXANOVA

No referente a posible contaminación ambiental nas obras feitas neste centro de traballo, e a non información por parte da empresa ós/ás traballadores/as afectados. Faise lectura das diferentes comunicacións por parte das tres centrais sindicais remitidas á empresa, e da denuncia feita pola CIG, en inspección de traballo. Tamén se solicita a reunión urxente do Comité de Prevención.

ACUDAS ALARMAS

Solicítaselle á empresa a que busque un sistema para que o/a compañeiro/a saínte, non teña que acudir a unha alarma despois de 10 horas de traballo cando lle queda media hora para rematar a súa quenda.

SAMPER

Infórmase á empresa de que se seguen a producir anomalías neste centro de traballo, subindo vixiantes ós camións, pesando a quincalla, separando ferralla, etc. O xefe de servizos D. Xavier Domínguez, di que cando vai él, nunca tal cousa viu... e descoñece esta situación.....!

VARIOS

No afastado adicado a varios tratáronse os seguintes asuntos:

- Lembrese que ó persoal que está a cómputo anual e fai servizo de radioscopia básica, ten que cobrar o plus íntegro.
- A empresa informa de que pola modalidade do contrato anterior non adebeda ningunha festividade o persoal que fai servizo en TRV, de todos os xeitos estudarás se lle adebeda algunha nocturnidade, e nese caso se lle aboara sen problema.

A próxima reunión de comité o día 16 de Setembro.

REFLEXIÓN SOBRE AS FUSIÓN DAS CAIXAS

Despois do acordo de fusión entre Caixanova e Caixa Galicia, anunciase o peche de preto de 300 oficinas en toda Galiza. Con esta situación vanse a perder moitos postos de traballo na banca, pero tamén corren risco o persoal de empresas contratadas para certos servizos nas dúas entidades, como poden ser os de seguridade e limpeza, principalmente.

Dende o primeiro día a CIG, e mais nomeadamente a CIG-SERVIZOS, puxo de manifesto esta situación e propuxemos dende a CIG a constitución de mesas paralelas as que se van a levar a cabo co persoal das caixas para ter información de primeira man, e non querendo crear alarma social como outros sindicatos según publican nos medios de comunicación "*Os traballadores das empresas auxiliares poderían formar parte dun plan industrial e de reconversión*",

DIARIO DE GALICIA | ECONOMÍA
MÉRCORES, 19 DE MAIO DE 2010

taron desde los sindicatos, algo que confirmaron las cajas.

EMPRESAS AUXILIARES

Caixa Galicia y Caixanova suman una plantilla conjunta de 7.800 trabajadores, aunque según la CIG los empleados que dependen del proceso de fusión se sitúan en torno a los 10.000. Para las cajas trabajan muchas personas subcontratadas y las secciones sindicales de ambas

entidades ya han aclarado que no negociarán en nombre de los trabajadores que pertenecen a otras empresas. "Eso es imposible, no podemos negociar en nombre de trabajadores que cuentan con sus propios representantes", aseguraron desde UGT. La alternativa es presentar un "plan industrial y de reconversión" para los empleados de las auxiliares, como los trabajadores que prestan servicios de limpieza y de seguridad: "Lo

más que podemos hacer es exigir el mismo tratamiento para este colectivo, pero no negociar", aclararon las mismas fuentes.

Por su parte, las cajas se reunieron ayer para desarrollar el plan económico y planificar las diferentes comisiones de la fusión. Fue una reunión rutinaria, a la que sucederán más encuentros durante esta semana y la próxima. El contacto es "continuo", según las cajas. ■

Debido a esta situación a CIG-Servizos, solicitou dúas xuntanzas nacionais cos responsábeis de Caixanova e Caixa Galicia, para solicitar e manexar información certa de cómo e canto afectará a fusión ao persoal que prestan servizos de seguridade e limpeza. Despois destas xuntanzas, con toda a información que teñamos, decidiremos as accións legais e sindicais que teremos que levar a cabo en toda Galiza para intentar reducir, na medida do posible,

as consecuencias negativas que esta fusión terá sobre o emprego (despedimentos, reducións de xornada, etc...)



Con toda seguridade imos a vernos obrigados a convocar un calendario nacional de mobilizacións por tanto será imprescindible contar co apoio de todas e todos.

EN DEFENSA DO EMPREGO

RECORDATORIO

RECLAMACIÓNS HORAS EXTRAS

SEGURIDADE PRIVADA

Como ben sabedes o pasado mes de Decembro saliu por fin a resolución xudicial do tribunal supremo referente ao xeito de facer o calculo das horas extras e tamén para definir ás

reclamacións presentadas dos anos 2005, 2006 e 2007, polo tanto e en base a sentenza, deberanse refacer os cálculos finais das reclamacións xa presentadas, así como cabe a posibilidade de presentar as dos anos 2008 e 2009, ou tamén poderíase reclamar tódolos anos no seu conxunto, pois ben os que queirades facer a reclamación dos anos 2007, 2008, e 2009, ou todas dende o 2005, deberedes xuntar as nóminas correspondentes aos anos a reclamar, e a maiores os cuadrantes de traballo para os/as que non lle veñan o abono da hora extra reflexada en nómina, a continuación entregades a documentación a delegada ou delegado sindical da vosa empresa ou ben achegádevos polo local da CIG da vosa comarca.

A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA

Despois do esperpento da convocatoria de folga pantasma da UGT, do pasado mes de marzo, CCOO e USO solicitaron a convocatoria a través do SIMA da mesa negociadora, que se celebrou o pasado 12 e outra reunión o 19 de abril. Nesta xuntanza realizaron unha proposta económica baseada na conxelación salarial para o 2009, e o IPC real mais 1,4% para o 2010 e 2011, en todos os conceptos salariais.

Por parte da CIG, non podemos asumir novamente esta proposta ao entendela como un retroceso nas nosas pretensións económicas, xa que dista moi lonxe dos mínimos que nos temos marcado para esta negociación. A CIG fixo constar en acta o que entendemos como parámetros de mínimos para chegar a un acordo:

1º.- Non aceptamos a conxelación salarial do 2009.

2º.- Mantemos os 12 puntos expresados na acta 3, xa que coinciden coas propostas incluídas na plataforma presentada pola CIG, e sendo estes aspectos que consideramos imprescindibles para unha negociación seria deste convenio, con independencia da súa redacción final.

3º.- Igualmente, para a CIG é obxectivo irrenunciable buscar solucións a discriminación salarial xerada no anterior convenio colectivo a respecto das diferentes cuantías existentes no cobro do Plus de Perigosidade.

Por parte da Patronal, aproveitándose dos continuos erros dos sindicatos españoлисты e asumindo unha posición de forza, propuxeron ampliar a conxelación salarial hasta o 2010, e a vixencia do convenio hasta o 2013, con incrementos que apenas superan o IPC real na totalidade da mesma en todos os conceptos salariais. Despois destas dúas reunións quedou patente que non existe vontade de negociar por parte da Patronal, o que pretende é imposición e non negociación.



Deste xeito a negociación en ámbito estatal está nun caleixón sen saída, tendo por futuro inmediato probablemente varios anos sen convenio. Non entendemos a posición dos sindicatos estatais, uns piden que a patronal concrete a súa proposta e outro di que estudarán as propostas para logo fixar a súa posición, e nos preguntámonos: qué hai que concretar?, qué hai que estudar ou valorar?, e agora qué?, despois de caseque dous meses dende a última reunión que ten acontecido?, que negociacións hai, se hai algunha?, ninguén da explicacións, onde é que están eses sindicatos que se din maioritarios do sector?, todos eles DESAPARECIDO, NON ESTÁN NEN SE LLES AGARDA.

Diante desta situación desde a **CIG** témolo mais claro que nunca. O Convenio Galego é o único camiño realista e viable a día de hoxe, para topar unha saída ao sector. Novamente voltamos a facer un chamamento a todas as centrais sindicais para asumir esta vía, e emprender as mobilización necesarias para acadalo.

CONVENIO GALEGO DA SEGURIDADE, XA! A LOITA CONTINÚA

A QUE NOS ENFRONTAMOS A CLASE TRABALLADORA DIANTE DESTA CRISE?

Porque unha nova Reforma Laboral cando despedir mais facilmente non crea emprego, o destrúe. Reducir salarios non crea riqueza, paraliza o consumo e desactiva a economía. Pensa porque os Países con salarios mais altos son os que menos sofren esta Crise, teñen menor desemprego e menor precariedade nos contratos.

Unha nova Reforma Laboral que ademais quere reducir Pensións, ceder a xestións dos contratos a Axencias Privadas e ETTS, flexibilizar a xornada de traballo e desregular a negociación dos Convenios para abaratar salarios e empeorar as condicións de traballo.

UGT e CCOO teñen asinado nestes anos moitas Reformas que abarataron o despido e reduciron salarios, pero a nosa loita é a única resposta para paralizar as Reformas.

Mobilízate coa CIG este 17 de Xuño para a convocatoria dunha Folga Xeral

1ª.- Preguntémonos porque por primeira vez na historia en Galiza, o 20% da poboación acumula mais riqueza que o 80% restante que somos a clase traballadora?.

Fai 30 anos en Galiza, cando éramos menos de 450.mil asalariados, traballadores e traballadoras, agora somos 900.000; o peso dos nosos salarios no PIB representaba o 63% mentres as rendas do capital (empresarios, executivos, profesións liberais) representaban apenas o 24%. Hoxe o salarios representan o 42% e as rendas do capital o 44%. Somos o dobre que entonces pero diminuímos a nosa riqueza mentres os ricos son moito mais ricos.

Mais do 60% dos salarios en Galiza non supera os mil €, hoxe unha familia necesita traballar home e muller para defender a súa economía, maioritariamente nestes sectores con baixos salarios búscase o auxilio das horas extras e ademais recorrer ao creto e as hipotecas, senón os salarios non chegan. A economía da Clase traballadora está endebedada para negocio dos bancos, tamén os baixos salarios para maior plusvalía e beneficio das Empresas.

2ª.- Preguntémonos tamén porque se plantean as reformas para corrixir a débeda pública en Países como Grecia, Portugal, Italia, Irlanda e o Estado Español, cando son precisamente estes Países os que menos Débeda Pública teñen en relación ao PIB (Produto Interior Bruto) da Europa dos 15, e son por tanto os que menos gastan en Pensións, Prestacións Públicas, Desemprego, Ensino, Sanidade e salarios dos empregados públicos.

Cando esixen reducir o gasto público no Estado Español, o que están a pedir os ricos, o capital, e que se reduzan os salarios dos empregados públicos primeiro e logo o do resto dos traballadores e traballadoras, non importa que xa sexan baixos. Ademais piden que se reduzan as prestacións públicas, pensións e desemprego, e todos os gastos destinados a sanidade e ensino público, desta maneira os Bancos estarán seguros que de primeiro o Estado lles paga a eles os préstamos contraídos polos Bonos Públicos (débeda Pública), e os empresarios están seguros que coa redución do Gasto Público, vanse a privatizar para as empresas Servizos Públicos na Sanidade, no Ensino, na Asistencia a dependentes e terceira idade, nos servizos dos Concellos e das Comunidades Autónomas, Piscinas, Incendios, Limpeza, etc, mais negocios para a empresa privada e

peores salarios, peores servizos públicos e mais precariedade para a clase traballadora.

3ª.- Como podemos explicar que xusto nestes Países que teñen os salarios mais baixos da UE dos 15, precisamente para estes, os Governos, a Banca e os Empresarios están pedindo e executando medidas de redución e conxelación de salarios?.

Unha das medidas que mais rouba diñeiro á clase traballadora e o transfere para o capital prodúcese por unha profunda restructuración e reformas laborais no Mundo do traballo nos últimos 30 anos. A subcontratación do traballo en todos os sectores, a eventualidade, as ETTS, etc. Hoxe no Sector Público, no Automóbil, no Naval en calquera Sector a subcontratación faise para abaratar os salarios, para traballar mais horas, para poder despedir mais facilmente sendo eventuais, para poder sobreexplotar á clase traballadora. Pero curiosamente os Países cos salarios mais altos son os mais competitivos e con menor desemprego, por tanto salarios baixos e precariedade e igual a mais crise e maior desemprego.

4ª.- Como se explica que o Goberno Español destinara mais de 200 mil millóns de € no ano 2009 en axudas a Banca co interese do 1%, e logo estes mesmos Bancos con este diñeiro, poidan mercar Bonos do Estado (Emisión de Débeda Pública) que o Estado deberá pagar logo a estes Bancos a un interese de entre o 7 e 10%?.

A Banca e as Transnacionais teñen un poder inmenso. O lóxico sería que en vez de darlle este diñeiro á Banca Privada e endebedarse con eles, o Estado crease unha Banca Pública como existía antes, para asegurar o cróto ás Empresas e a Clase Traballadora, deste xeito non se paralizaría a economía porque se activaría o consumo. O caso de Brasil e Uruguai son paradigmas deste exemplo, con catro Bancos Públicos, en vez de reducir salarios os subiron e as súas economías son das que mais crecen no Planeta e crean emprego. Non teñen crise. Pero a Banca Privada non quere competidores públicos. O capitalismo concentra a riqueza para os capitalistas.


5ª.-Porque neste mesmos Países queren reformar o Sistema Público de Pensións, cando por exemplo no Estado Español o Fondo de Reserva acumula 53.000 millóns de Superávit, a maior cantidade da súa historia ?.

A Clase traballadora é hoxe o dobre que fai 30 anos, por tanto somos o dobre dos cotizantes, por esta razón dende fai 10 anos o Fondo De Reserva das Pensións téñen un superávit tan importante. As pensións non están en crise, pero é un gran negocio para a Banca e as Empresa privadas que queren xestionalo. Reducir as pensións Públicas para que teñamos que contratar Pensións privadas e deixar sen recursos aos mais necesitados socialmente. Esta política está fracturando mais á sociedade, creando mais exclusión social e repartindo a riqueza para os mais ricos.

NON O PERMITAMOS. LOITA COA CIG O 17 DE XUÑO.

Vigo saída as 20:00 horas dende Vía Norte, agardámoste.





***"Coa forza
dos traballadores
das traballadoras"***

Representantes dos traballadores da CIG no Comité de Empresa:

Pedro Pérez Caride	646 690 810
Fructuoso Carballo Álvarez	666 085 437
Marta Calvo González	690 624 982
Ramón López López	626 473 681
Benito López Pazos	636 494 888

Delegado Sección Sindical CIG-Securitas:

Raúl Santos Tome **617 149 829**

Os nosos locais:

GREGORIO ESPINO (Doblada), 47

Centraliña Comarca 986-82-79-00

36205 – VIGO

PASANTERIA, 1 (Baixo)

Telefone 986-85-29-50

36002 PONTEVEDRA

Enderezo Electrónico

cig.securitas.vigo@telefonica.net

cigsecuritasvigo@cigservizos.org

Páxina web: www.cigservizos.org/grupo/securitas-vigo